



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

PIARES PARA UNHA NOVA LEI EDUCATIVA, DEMOCRÁTICA E INCLUSIVA

Demandamos un sistema educativo no que todo o alumnado teña acceso en condicións de igualdade a unha educación pública, democrática, inclusiva e de calidade.

O alumnado é o centro e a razón de ser do sistema educativo. A aprendizaxe na escola debe ir dirixida a formar persoas autónomas, críticas, optimistas, responsábeis, con pensamento propio, que teñan soños e talentos diversos; todas elas necesarias para o futuro do noso país. O dereito de todo o alumnado a unha educación pública de calidade e durante o maior número posible de anos implica a necesidade de contar cun verdadeiro sistema público que lle permita alcanzar o éxito educativo e contribúa a construír unha sociedade xusta, integrada por persoas informadas e formadas.

É evidente a necesidade dun cambio metodolóxico centrado no alumnado como axente activo da súa aprendizaxe e non unicamente como receptor.

Unha educación obrigatoria que estea baseada no respecto e confianza nas nenas e nenos, o respecto ós seus ritmos, procesos e necesidades de aprendizaxe, o respecto a súa autorregulación e ao xogo como medio idóneo de aprendizaxe; a confianza no seu interese natural de aprender e a procura dos xeitos mais apropiados para o seu desenvolvemento integral, non só intelectual, tamén emocional, moral, psicolóxico, social e saudable.

Isto é, queremos a transformación dos actuais centros escolares en espazos, físicos e emocionais, respectuosos e adaptados ás verdadeiras necesidades das nenas e nenos onde poidan sentirse seguras/os e libres.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

Unha escola inclusiva é aquela na que poden aprender xuntos alumnado diferente, unha escola que non exclúe a ninguén, porque non hai diferentes categorías de estudantes, só hai unha soa categoría de alumnas e alumnos, sen ningún tipo de adxectivos que, evidentemente son diferentes. Na escola inclusiva só hai alumnas e alumnos, a secas, sen adxectivos, non hai alumnado corrente e alumnado especial, se non simplemente alumnado, cada un coas súas propias características e necesidades. A diversidade é un feito natural, é a normalidade: o máis normal é que sexamos diferentes.

As administracións educativas, sabedoras da obriga de conformar un sistema educativo público que prime o dereito á igualdade de oportunidades, comprométese a compensar e corrixir todas as inxustizas estruturais que inciden e determinan as condicións de vida da mocidade e as súas familias.

Esa compensación basearase nos principios de:

1. **Universalidade**, dotarase a todos os centros cos recursos necesarios para que todos e todas, con independencia da súa localización social ou xeográfica, reciban unha formación de calidade.
2. **Dotación orzamentaria**, reforzarse a rede de centros públicos de educación (desde os 0 anos) que poidan ofrecer os seus servizos á cidadanía que remate coa mercantilización do ensino. As Consellarías de Educación, ou órganos equivalentes en cadansúa comunidade autónoma ou nación sen estado, deberán ter garantido un orzamento que asegure que o Ensino Público contará coa dotación que precise para facer efectivo dereito xeral á Educación.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

3. **Formación do profesorado**, incidirase na formación permanente do profesorado, permitindo a súa autonomía profesional, mantendo condicións laborais e recursos acaídos e suficientes para cumprir, a través de metodoloxías cooperativas, co dereito do alumnado a adquirir un coñecemento relevante, actual, rigoroso e pertinente.
4. **Valores democráticos**, optarase por un currículo que, ademais dunha educación que estimule e facilite o acceso universal da formación adecuada ao alumnado, ensine a convivir en democracia.
5. **Descentralización do sistema educativo**. O sistema Educativo debe evitar a centralización, favorecendo no alumnado a relación coa súa cultura de pertenza, superando a tradicional perspectiva centralizadora para favorecer un modelo educativo que promova o ensino nas linguas propias das comunidades autónomas, incrementando as súas competencias coa intención de achegar totalmente ao ensino a súa realidade social, histórica, cultural e lingüística.
6. **Democracia e participación nos centros educativos:**
 1. O sistema Educativo potenciará a participación cidadá nun tipo de centro escolar máis aberto, máis implicado na contorna, con cooperación coas administracións locais que poñan os seus recursos ao servizo da comunidade educativa e viceversa, e no que participen activamente as familias, profesorado, alumnado e persoal non docente.
 2. Os consellos escolares Municipais deben ser un verdadeiro órgano de coordinación e cooperación entre as distintas administracións e os diversos colectivos sociais implicados.

3. Do mesmo xeito, o Consello Escolar do Centro é máximo órgano de goberno do centro escolar, que terá unha composición na que ningunha das partes da comunidade educativa representada poida impor o seu criterio dun xeito unilateral. Nel aprobarase a elección de directoras e equipos directivos do centro, a xestión orzamentaria do mesmo, a elaboración e aprobación das propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da administración competente. Regulará o funcionamento do centro, aprobando por maioría toda a normativa interna do mesmo, así como sobre aqueloutros aspectos relacionados coa calidade da xestión.

7. **Ensino laico:** O sistema educativo público só debe contemplar unha educación laica, na que se prohíba a presenza de ningunha confesión relixiosa dentro do horario escolar, así como, por suposto, de ningunha materia que teña por obxectivo a aprendizaxe de ningunha relixión e na que prevalezan os principios de liberdade de conciencia, independencia respecto das opcións relixiosas e neutralidade en todo os que afecte á esfera das crenzas ou conviccións persoais.

8. **Educación para a igualdade,** coeducación, ha de ter un papel vertebrador de todo o ensino. Todos os centros deberán desenvolver este elemento esencial no currículo.

9. **Educación para a paz e a convivencia democrática,** debe ser un principio central no ensino, con presenza estable no currículo e con actuacións educativas en cooperación familias –docentes.

10. **Educación para o medio ambiente:** procurando a comprensión e interiorización tanto do equilibrio ecolóxico, é dicir, da flora, fauna e o ambiente que o sustenta, como da ecoloxía humana e polo tanto da saúde e o benestar.

11. **Educación inclusiva:** O sistema Público debe contemplar a Educación Inclusiva como un proxecto destinado a identificar e a superar os obstáculos que impiden ou dificultan ás persoas acceder ás institucións escolares, participar democraticamente nas aulas e ter éxito; único modo de desmontar a arquitectura da exclusión e da desigualdade e, simultaneamente, da autoculpabilidade e/ou autoodio das persoas excluídas.

O obxectivo ideal, sinalado anteriormente, de lograr unha sociedade máis xusta, onde a diversidade de calquera tipo non supoña un impedimento para conseguir un desenvolvemento pleno de todas as persoas no sistema educativo; para conseguilo é necesario afondar nas seguintes liñas:

- Mellora da calidade do ensino en xeral e a atención ao alumnado con NEAE especialmente.
- Inclusión nos catálogos de profesorado de todos os especialistas necesarios para que a atención ao alumnado NEAE interfira nas aulas como unha oportunidade de aprendizaxe vital para todas as súas compañeiras, e unha auténtica ponte de nivelación para este alumnado
- Evitar unha degradación dos currículos dalgúns alumnos con NEAE como fácil solución á súa integración escolar. Mellorar a inclusión en cursos máis avanzados: bacharelato e formación profesional, onde se observa limitacións de programas de inclusión.
- Aumentar o investimento en investigación e medios humanos e materiais destinados á educación inclusiva. Mellorar a formación específica do profesorado en inclusión e NEAE. Poñer en marcha de plans de concienciación no alumnado e na sociedade sobre o respecto á diversidade.
- Apostar decididamente pola introdución da aprendizaxe cooperativa que substitúa ás estruturas individualistas e competitivas, aínda dominantes nas aulas; posibilitando atender xuntos, na mesma aula, a alumnado diferente, que se axuda para progresar na aprendizaxe ata o máximo das súas posibilidades.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com/ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

Como un elemento máis de normalización da atención á diversidade, defendemos a eliminación da utilización de recursos externos que só pretenden homoxeneizar o Ensino, como son os libros de texto. Deixando espazo para a elaboración e emprego de recursos didácticos diversos adaptados ao alumnado, que fomenten a participación, e a aprendizaxe significativa, crítica e actual.

12. **Gratuidade do ensino.** Defendemos un sistema público, único para todas e todos, totalmente gratuíto e universal; onde a administración educativa se faga cargo de absolutamente todos os custos de todos os recursos utilizados para efectivizar o día a día da docencia, tanto nas aulas como nos materiais didácticos, nos recursos externos, ou calquera outro gasto que poida resultar imprescindible para o proxecto educativo que se aprobe.
13. **Incorporación de novas profesionais:** o ensino público ten que se abrir á presenza de novas profesionais nos centros escolares, que colaboren, e mesmo dirixan no seu ámbito, tanto ao profesorado como ás familias, a toda a comunidade educativa. Nomeadamente incluíríamos educadoras-es sociais e persoal sanitario, pero deixando aberta a posibilidade de ir integrando cada vez a máis colectivos profesionais que representen un enriquecemento da educación das nosas crianzas.
14. **Revisión dos calendarios escolares:** nunha decidida aposta pola conciliación laboral e familiar, hai que abordar o xeito de que sexan as familias quen, maioritariamente, atendan ás súas crianzas nos múltiples períodos non lectivos; para o que é necesario modificar os actuais calendarios escolares, desvincularlos de toda festa de carácter relixioso, e elaboralos partindo da conveniencia pedagóxica do Ensino, e, secundariamente, do favorecemento da atención familiar directa.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

Especialmente facemos referencia á necesidade de redución de contido académico e de horas lectivas dedicadas á aprendizaxe académica, para dar paso ao coñecemento amplo, a participación, a medrar como persoas en tempo de grupo, de opinión, en resumo: fomentar a autonomía do alumnado para que aprendan a seren individuos sociais autónomos, sans e empáticos.

15. **Servizos complementarios. Ampliacións de horarios escolares. Servizos de madrugadores e comedores.** Os servizos de atención ao alumnado antes e despois dos horarios lectivos, á parte do dito no punto anterior sobre a necesidade de minimizar a súa presenza favorecendo que as familias teñan o máximo tempo dispoñible, deben organizarse dende a base de seren servizos cunha orixe, e unha pretensión, absolutamente educativa; hai que abandonar o concepto de comedor / lugar onde se recibe alimentación, para acoller a idea de comedor/lugar onde se convive mentres nos alimentamos. Para isto é necesario que os comedores escolares, así como os servizos de madrugadores, sexan universais e gratuítos, e que estean organizados e xestionados por profesionais coordinados co resto dese corpo educativo entendido en senso amplo tal e como indicabamos no punto 12.

16. **O transporte escolar:** o centro escolar debe ser o centro da vida do alumnado, tanto nas horas lectivas como nas de lecer, xa que nestas debe dispor do mesmo grupo social do que dispón naquelas; e para iso hai que fomentar que a distribución do alumnado nos centros escolares estea rexido polo criterio da proximidade sobre a súa vivenda habitual, tentando reducir ao máximo a necesidade do transporte escolar, que debe ser entendido sempre como unha dificultade excepcional. Aínda así, aquelas crianzas que precisen utilizalo teñen que se atopar cun servizo educativo, onde se modifique a idea do autobús/viaxe, pola idea do autobús/camiño, e se organice este tempo sobre a base da aprendizaxe na convivencia e de preparación para as actividades posteriores.

7



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

17. **Actividades complementarias.** É imprescindible que a formación formal que se facilita dentro das aulas estea acompañada co maior número posíbel de actividades que completen os obxectivos do Ensino Público. Débese tender a unha planificación exhaustiva destas actividades, preparada e dispoñible ao inicio do curso escolar, coa participación máxima de Concellos e familias, para que a súa realización, xunto cos aspectos puramente académicos, constitúan para o alumnado un continuo de aprendizaxe.



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.org

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel 600 699 293 - 610 616 968

A Confederación ANPAS GALEGAS considera absolutamente necesaria unha nova Lei Educativa Participativa, Democrática e Inclusiva na que estean presentes os seguintes aspectos:

- Resposta á diversidade: Inclusiva, todos teñen dereito a aprender e a aprender xuntos nas mesmas aulas.
- Educación gratuíta desde os 0 anos.
- Sen itinerarios que segreguen ao alumnado.
- Currículos abertos que permitan adaptar o ensino á realidade do alumnado.
- Sen imposición de barreiras como as reválidas.
- Un título único para a ESO.
- Que promova a aprendizaxe cooperativa fronte a modelos competitivos ou individualistas.
- Que poña os medios necesarios para que todas e todos acaden a titulación básica: graduado en Educación Secundaria Obrigatoria e oferte prazas suficientes no ensino público de formación profesional e distintas modalidades do bacharelato.
- Que facilite o acceso aos estudos superiores para as persoas con menos recursos.
- Que promova unha formación integral (ciencias, letras, artes,...)
- Que recoñeza e respecte a diversidade existente no estado español.
- Cunha organización en ciclos, máis acorde coas diferenzas madurativas do alumnado.
- Que garanta prazas no ensino público a todo o alumnado e suprima os concertos educativos.
- Que poña o dereito á educación por enriba do dereito de admisión.
- Cun novo concepto da excelencia educativa: dar resposta ás necesidades do alumnado, que se educa en aulas inclusivas, non segregado polas súas capacidades.
- Unha xestión democrática dos centros pola comunidade educativa. Consello Escolar como órgano de decisión, non de consulta.
- Que retire integramente calquera relixión das aulas.